PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL (Tuba)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

CURSO 2023/24

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DISCIPLINA PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | INTERPRETACIÓN | | | | | | | | ITINERARIOS: | TUBA |
| CARÁCTER: | MATERIA OBRIGATORIA ESPECIFICA | | | | | | | | TIPO DE CLASE: | COLECTIVA |
| DEPARTAMENTO: | VENTO-METAL | | | | | | | | XEFE DE DPTO.: | GONZALO SÁNCHEZ GARCÍA |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | JAVIER MONTEAGUDO MAÑAS |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 1 |
| ECTS/CUAD. | - | - | - | - | - | - | 3 | - | Observacións: | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | TITORÍA |
| | JAVIER MONTEAGUDO MAÑAS | | | | | | | | j.monteagudo@edu.xunta.gal | VENRES 10H-11H |

| 2. DESCRITOR E COMPETENCIAS | |
|---|---|
| DESCRITOR: Preparación para a posible práctica docente do alumnado. Desenvolvemento da capacidade de transmisión dos coñecementos adquiridos. Estudo das estratexias e recursos didácticos necesarios para a docencia. | |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requiridos na proba de acceso ao grao superior e, para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e contidos do cuadrimestre anterior. | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: A relación natural que se establece entre os contidos propios e os contidos das disciplinas de instrumento, música de cámara, orquestra/banda, historia, tecnoloxía e organoloxía. | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T2, T3, T4, T8, T15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X5, X10, X19, X24, X25, X26 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI6 |
| Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1. Coñecer e saber aplicar os documentos lexislativos para a ensinanza de música e de tuba na Comunidade Autónoma de Galicia en particular e no estado español en xeral e nos diferentes niveis educativos. | Todas as competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos. |
| 2. Coñecer e saber aplicar os documentos académicos dos centros elementais, profesionais e superiores para a ensinanza de música e de tuba na Comunidade Autónoma de Galicia en particular e no estado español en xeral. | |
| 3. Coñecer e saber aplicar os principios pedagóxicos para a ensinanza de música e de tuba nos diferentes niveis educativos. | |

| | |
|---|---|
| 4. Dotar o alumnado de ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba nos diferentes niveis educativos musicais. | |
| 5. Coñecer os principais puntos dunha programación didáctica para os diferentes niveis educativos da ensinanza da tuba e saber deseñar unidades didácticas. | |

| **4. CONTIDOS** | | |
|---|---|---|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS POR CUADRIMESTRE |
| Lexislación das ensinanzas musicais en España. | - Niveis e definición do currículo educativo nos diferentes niveis musicais.<br>- Marco lexislativo estatal e autonómico. | 2 |
| Os centros educativos musicais en España e o ámbito académico. | - Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música.<br>- Ensinanzas Artísticas Superiores de Música.<br>- Planes de estudo. | 2 |
| Principios pedagóxicos da ensinanza da música en xeral e de tuba en particular. | - Programación Didáctica.<br>- Unidades Didácticas. | 6 |
| Recursos didácticos para a ensinanza da tuba e bombardino. | - Ferramentas para a aplicación dos principios e da teoría na práctica dentro da aula. | 6 |
| | TOTAL SESIÓNS POR CUADRIMESTRE: | 16 |

| **5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA** | | | |
|---|---|---|---|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| Actividades introdutorias | 1 | | 1 |
| Clases práctico-teóricas | 13 | | 13 |
| Sesións finais: resumen e simulacro exame | 2 | | 2 |
| Elaboración do portafolios do alumno | | 67 | 67 |
| Exame | 2 | | 2 |
| Actividades complementarias | | 5 | 5 |
| | | TOTAL HORAS: | 90 |

| **6. AVALIACIÓN** | | | |
|---|---|---|---|
| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| **6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA** | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| Portafolios do alumno.<br><br>*A avaliación realizarase sobre o documento entregado e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Coñece os principios lexislativos, académicos e pedagóxicos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Coñece as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba.<br>- Coñece a estrutura e os puntos básicos dunha programación didáctica. | Todas as competencias recollidas neste documento | 40% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Exame: planificar e impartir unha clase a alumnado de igual ou diferente nivel de ensinanzas musicais regradas de tuba.<br><br>*A avaliación realizarase a través da observación directa e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Poñe en práctica os principios aprendidos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Poñe en práctica as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 40% |
| Conduta.<br><br>*Realizarase a través da observación directa e dos datos recollidos nas rúbricas de avaliación.* | - Asistencia e participación activa nas clases individuais e colectivas.<br>- Auto-seguimento no diario de clase e organización do traballo individual despois das sesións presenciais.<br>- Actitude, motivación por mellorar e compromiso persoal e profesional: auto-avaliación.<br>- Amosar pensamento crítico, valores, habilidades sociais e integración no resto da aula e do centro educativo.<br>- Actividades complementarias. | Todas as competencias recollidas neste documento | 20% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| Portafolios do alumno.<br><br>*A avaliación realizarase sobre o documento entregado e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Coñece os principios lexislativos, académicos e pedagóxicos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Coñece as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |
| Exame: planificar e impartir unha clase a alumnado de igual ou diferente nivel de ensinanzas musicais regradas de tuba.<br><br>*A avaliación realizarase a través da observación directa e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Poñe en práctica os principios aprendidos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Poñe en práctica as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)<br>*(con máis de 4 faltas o alumno perde a avaliación continua)* | | | |
| Portafolios do alumno.<br><br>*A avaliación realizarase sobre o documento entregado e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Coñece os principios lexislativos, académicos e pedagóxicos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Coñece as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |
| Exame: planificar e impartir unha clase a alumnado de igual ou diferente nivel de ensinanzas musicais regradas de tuba.<br><br>*A avaliación realizarase a través da observación directa e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Poñe en práctica os principios aprendidos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Poñe en práctica as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |
| **6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA** | | | |
| Portafolios do alumno.<br><br>*A avaliación realizarase sobre o documento entregado e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Coñece os principios lexislativos, académicos e pedagóxicos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Coñece as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Exame: planificar e impartir unha clase a alumnado de igual ou diferente nivel de ensinanzas musicais regradas de tuba.<br><br>*A avaliación realizarase a través da observación directa e dos datos recollidos na rúbrica de avaliación.* | - Poñe en práctica os principios aprendidos para a ensinanza de música e de tuba.<br>- Poñe en práctica as ferramentas didácticas para a ensinanza da tuba. | Todas as competencias recollidas neste documento | 50% |

**Observacións:** O portafolios consiste nun traballo final baseado no deseño dunha unidade didáctica aplicable a un dos cursos dos ensinos musicais na especialidade de tuba ou bombardino na comunidade autónoma de Galicia. As actividades complementarias inclúen clases maxistrais, asistencia a actividades culturais organizadas polo departamento, formación interdisciplinaria, etc. Como estas actividades se levarán a cabo fose do centro e do horario lectivo, non serán obrigatorias pero si tidas en conta para a avaliación final.

**SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31):

- 0-4,9: Suspenso
- 5,0-6,9: Aprobado
- 7,00-8,9: Notable
- 9,00-10: Sobresaliente

A Mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.

Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en tres lecturas a primeira vista e tres transportes, e será xulgada, polo menos, por tres membros do departamento.

**7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS***

| DESCRICIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
|---|---|
| - | - |

* No presente curso non hai alumnado da disciplina con necesidades educativas especiais

**8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**

– Aebli, H. (2000). *Doce formas básicas de enseñar*. Madrid: Narcea.

– Bobo, R. (2003). *Mastering the Tuba*. Vuarmarens (Suiza): BIM.

– Bolívar, A. (2005). Conocimiento didáctico del contenido y didácticas específicas. *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado, 9*, (2). Recuperado de http://www.ugr.es/~recfpro/rev92ART6.pdf.

– Frederiksen, B. (1996). *Arnold Jacobs: Song and Wind*. Bloomington (EEUU): Windsong Press Limited.

– Hammerness, K., et al. (2005): How teachers learn and develop. En Darling-hammond, L. y Brandsford, J. (Eds.), *Preparing teachers for a changing world. What teachers should learn and be able to do*, 358-389. San Franscisco: Jossey-Bass.

– Nelson, B. (2006): *Also Sprach Arnold Jacobs. A developmental guide for brass wind musicians*. Mindelheim (Alemania): Polymnia Press.

– Phillips, H. y Winkle, W. (1992). *The Art of Tuba and Euphonium*. New Jersey: Summy-Birchard Inc.

| 9. OBSERVACIÓNS XENERAIS |
| --- |
| O titulado superior en música, especialidade de interpretación, deberá ser un profesional cualificado cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios.<br>Deberá estar preparado para exercer un labor interpretativo de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, afondando no seu desenvolvemento histórico.<br>Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión. |